

Información previa

Exhumacións no concello de Crecente

Novembro de 2021

Antecedentes

No ano 2011 levouse a cabo unha escavación no cemiterio da igrexa de San Pedro de Filgueira, concello de Crecente, co obxectivo de atopar os restos de César Alberte Domínguez, tras coñecer a súa familia que, no seu momento, fora enterrado baixo as escaleiras que dan acceso ao camposanto.

Tras un primeiro intento no que se atoparon restos óseos femininos, afondouse na mesma zona co obxectivo de chegar aos de César Alberte. Como resultado, foron atopados, ao escavarse a maior profundidade, os restos dun esqueleto que se correspondían cos dun varón adulto. Tras levarse a cabo os pertinentes estudos por parte do equipo antropolóxico responsable, chegouse á conclusión de que a identificación dos restos atopados non era posible debido ao estado de degradación que presentaban.

Información posterior

Con posterioridade tívose a nova, mediante a entrevista ao antigo enterrador do cemiterio, de que o lugar no que se levara a cabo a escavación non era o correcto. A información chegara á familia de César Alberte por medio dun dos responsables de enterralo, pero segundo o indagado, é moi probable que esta non fora correcta, chegándose á conclusión de que os seus restos poden atoparse noutra localización.

Segundo a información da que dispoñemos, César Alberte foi asasinado na ponte de Castrelo de Miño o 25 de novembro de 1936, sendo lanzado posteriormente ao río, onde a corrente o desprazaría ata parar nun remanso do curso fluvial. Sería entón cando sería atopado por alguén que o coñecía. Sería esta mesma persoa a que pediría ao párroco de San Pedro de Filgueira que o enterrara no cemiterio parroquial; ante a negativa, axudado polos seus fillos, o coñecido de César Alberte teríao enterrado ao carón da igrexa.

A confusión ao redor do lugar onde foi enterrado e a dedución de que a información que se lle facilitou á familia no seu momento é a seguinte. Todo apunta a que a sinalización dese lugar, no momento de comunicar onde foi enterrado César Alberte, era errónea, pois as escaleiras onde se acabou por levar a cabo a escavación en 2011 non debían de existir aínda no ano 1936. O cemiterio de San Pedro de Filgueira era moito menor naquel momento, presentando enterramentos no propio adro da igrexa e nunha zona limitada do que é o actual cemiterio; a zona sinalada como lugar de enterramento non se comezará a construír ata a década de 1940, segundo a información recollida mediante as entrevistas realizadas nas últimas semanas e a documentación relativa que foi consultada no Arquivo Diocesano de Tui. Polo tanto, pódese deducir que a sinalización das escaleiras de entrada ao cemiterio como lugar no que foi enterrado, non era precisa.

Na mesma entrevista ao enterrador xa mencionada, este fai referencia a que o lugar onde foi enterrado César Alberte foi no adro da igrexa de San Pedro de Filgueira, concretamente na zona que se corresponde coa cabeceira da propia igrexa. As entrevistas realizadas polo equipo de investigación histórica confirmaron esta información,

indicando o mesmo lugar. Estas, ademais, revelaron outro tipo de información, como a xa adiantada en referencia a que o adro era empregado como lugar de enterramento e a que a zona do cemiterio que comprende as citadas escaleiras non se comezou a construír ata uns anos máis tarde ao asasinato. Do mesmo xeito, informouse de que a zona da cabeceira era empregada para enterrar os restos de cativos finados e que estes, a diferenza de outros depositados noutros lugares do adro, non foron trasladados ao cemiterio segundo este se ía construíndo, polo que existe a posibilidade de que se atopen restos óseos desta categoría unha vez comecen os traballos arqueolóxicos de escavación.

Exhumacións á beira do río Miño

As intervencións para o concello de Crecente contempladas no convenio para o ano 2021 contemplaban a identificación dos enterramentos irregulares realizados á beira do río Miño, onde estarían enterradas dúas persoas non identificadas a pesar de ter sido rexistradas no rexistro de defuncións. Ao igual que César Alberte, serían persoas asasinadas que foron tiradas ao río e que acabarían por deterse nun remanso despois de que o caudal os arrastrara. Sen embargo, estas non terían sido trasladadas a outro lugar, se non que serían enterradas á mesma beira do río, sen especificarse o punto concreto onde foron inhumados.

A exhumación, neste caso, preséntase como irrealizable. Con motivo das obras de construción da presa, o caudal do río aumentou de xeito considerable nesa zona, modificando por completo a liña que seguía nos anos trinta. Tras realizarse un recoñecemento sobre o terreo e comprobar imaxes aéreas, chegouse á conclusión de que os enterramentos realizados á beira do río se atopan, a día de hoxe, soterrados baixo as augas do Miño, facendo imposible levar a cabo a exhumación dos corpos.

Actuacións ao abeiro do convenio para novembro de 2021

Constatadas as informacións recollidas, dende o día 24 de novembro de 2021 comezarán as tarefas de escavación arqueolóxica na cabeceira do adro da igrexa de San Pedro de Filgueira, concello de Crecente, co obxectivo de recuperar os restos de César Alberte Domínguez.

César Alberte Domínguez, “Largo Caballero”

Natural de Arnoia, Ourense, onde era concelleiro dende febreiro de 1936. Non consta filiación política. Os seus familiares din que o alcume lle viña dado polo seu parecido físico co líder do PSOE. Asasinado o 25 de novembro de 1936. Non foi inscrito no rexistro de defuncións, o que coincide coa historia familiar de que foi atopado por un coñecido e enterrado sen poñer o feito en coñecemento das autoridades. O seu falecemento está rexistrado pola denuncia interposta pola propia familia contra os seus supostos asasinados, proceso rexistrado na causa militar 1334/36 da praza de Ourense. Como resultado da mesma, os denunciados como responsables da desaparición foron postos a disposición do Gobernador militar de Ourense o 19 de abril de 1937, sendo postos en liberdade ao día seguinte.

Documentación

Ficha en Nomes e Voces

Entrevista 2094 do fondo Nomes e Voces

Entrevista a familiares e veciños de Filgueira, fondo Nomes e Voces, pendente de catalogación

Documentación de petición de exhumación por parte de Manuel Fernández Alberte, neto de César Alberte Domínguez

Causa 1334/36 da praza de Ourense, iniciada para esclarecer a desaparición de César Alberte Domínguez

Documentación relativa ás obras do cemiterio de San Pedro de Filgueira, do Arquivo Diocesano de Tui

Documentación do arquivo parroquial de San Pedro de Filgueira, consulta pendente debido ao proceso de cambio de párroco na parroquia